



**Xeración de Crédito 010X/19 (28/19)**  
**Expte. Cividas: 2019016151**  
**XC – 010X/2019**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 03 de maio (ref 107/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 03 de maio, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Asuntos Sociais, mediante Providencia asinada o 30 de abril, visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 28 de maio (ref 10X-19), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,

**ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 010-X/2019**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

<b>APLICACIÓN DOS FONDOS</b>		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N230.2412.13100	Persoal lab. prog. fomento emprego e inserc. laboral	145.514,16 €
N230.2410.16000	Cota patronal S. Soc. Fomento do emprego	48.613,50 €
TOTAL.....		194.127,66 €

<b>ORIXE DOS FONDOS</b>		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45071	Subv. Xunta contratación persoas preceptoras RISGA	194.127,66 €
TOTAL.....		194.127,66 €

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e á **Concellería delegada de Asuntos Sociais** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente en funcións do que eu, Oficial Maior Accidental, dou fe.

